

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA COMPOSTELÁ AFONDA NO SEU COMPROMISO COA ATENCIÓN SOCIAL EN SILLEDA

- Esta semana incrementouse a carteira de servizos no centro coa incorporación dunha traballadora social ao cadro de persoal do centro de saúde
- A xerencia ven de asinar un acordo de colaboración coa residencia Coviastec Silleda para ofrecer un aloxamento alternativo a doentes que, en situación de dependencia, non poidan volver ao seu domicilio trala alta hospitalaria

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2022.- A xerencia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza ven de reforzar esta semana o seu apoio á atención social no concello de Silleda. Así, incrementou o cadro de persoal e a carteira de servizos do Centro de Saúde de Silleda coa incorporación dunha Traballadora Social e asinou a prórroga do acordo de colaboración de coa residencia *Coviastec* Silleda para seguir a poder ofrecer un aloxamento alternativo a doentes que, en situación de dependencia, non poidan volver ao seu domicilio tralo seu ingreso hospitalario. O acordo foi asinado pola xerente da área, Eloína Núñez e o presidente de Coviastec, Camilo Álvarez nun encontro que contou tamén coa presenza da subdirectora de Humanización e Atención ao cidadán da área Sanitaria, María José Menor, a directora da residencia, Paula Iglesias e a xefa do Servizo de Traballo Social, Ana Isabel Guillén.

A Traballadora Social que se ven de incorporar ao centro de Saúde de Silleda atenderá tamén doentes de Vila de Cruces os martes, mércores e xoves. Os luns atenderá á poboación no centro de saúde de Vedra, mentres que os venres desenvolverá o seu traballo no centro de saúde de Boqueixón.

O profesional de Traballo social como membro do equipo asistencial, ten como misión aportar a valoración social e da contorna, establecer estratexias de intervención na promoción e prevención da saúde e atender a problemática sociofamiliar das persoas, familia e comunidade para garantir unha atención integral á poboación. Toda esta intervención realízase promovendo as capacidades psicosociais das persoas que permitan unha abordaxe axeitada á súa situación, favorecendo os propios recursos persoais e o do seu medio promovendo os cambios que garanten a súa calidade de vida respectando os seus valores.

A asistencia realízase, o igual que o resto dos profesionais, con previa cita. Ademais de traballar activamente cos pacientes e as súas familias, o seu labor consiste na detección e intervención naquelas situacións de risco social como son as persoas maiores que residen soas ou con convivente de similar idade, pacientes inmovilizados no seu domicilio, problemáticas de saúde mental, seguimento de menores naqueles casos que sexa preciso, situacións de enfermidade sobrevidas, entre outras.

En cada caso establecerase un plan de intervención, co resto do equipo, cos servizos sociais da zona e coas entidades asociativas do entorno. Ademais garantíase unha continuidade asistencial naqueles pacientes que sexan dados de alta no hospital e requiran dun especial seguimento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Servizo de traballo social da área sanitaria compostelá está formado por 37 traballadores sociais distribuídos nos hospitais de agudos (Clínico, Conxo e Barbanza) con 12 profesionais; na área de Saúde Mental con 9 e 16 nos centros de Atención Primaria.

Acordo de colaboración con Coviastec Silleda

O acordo de colaboración asinado posibilita que aqueles doentes cunha patoloxía invalidante que non poidan volver ao seu domicilio tralo ingreso hospitalario dispoñan dun aloxamento alternativo. Trátase dun ingreso temporal, mentres está á espera da asignación dunha praza nun centro residencial público. Está dirixido a doentes con patoloxía invalidante que dificulte o seu retorno ao domicilio e sempre trala valoración por parte do Servizo de Traballo Social, no que se comprobe que reúne as circunstancias para a súa estadía temporal nesta praza residencial.

Búscase pois ofrecer un aloxamento alternativo e temporal que evite a prolongación innecesaria da súa estadía hospitalaria proporcionándolle unha atención socio-sanitaria de calidade que garanta a súa continuidade asistencial.

Sáudos,